

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA  
21 DE DECEMBRO DE 2006**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don Juan Antonio Maceiras Barros

**Concelleiros**

Don Jesús Veiga Sabín

Dona Eva María Vilariño González

Don José Manuel Rodríguez Vidal

Don Juan José Herva Mallo

Dona María Rosario Manso López

Don José Paz Tenreiro

Don Manuel José Pérez Martínez

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado

Don Antonio Cortizas Rodríguez

**Interventora**

Dona Marta Roca Naveira

**Secretario**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón habilitado como Casa do Concello de Miño polas obras que se realizan no Concello, ás doce horas do día vinte e un de decembro de dous mil seis, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde titular don Juan Antonio Maceiras Barros e asisten os concelleiros: don Jesús Veiga Sabín; dona Eva María Vilariño González; don Juan José Herva Mallo; dona María Rosario Manso López; don José Manuel Rodríguez Vidal; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez.

Non asisten á sesión os concelleiros Sres. don José M<sup>a</sup> Laya Carril, don Luis Purriños Pena e don Antonio Medín Pena.

Está presente a interventora municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente ao día 23 de novembro de 2006, queda aprobada por unanimidade.

**2.- RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.-** Dáse conta e quedan informados das resolucións ditadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria, números 1.104/06 a 1.492/02 ambas as dúas incluídas, as cales estiveron a disposición dos señores concelleiros dende a convocatoria da sesión.

**3.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM DE MIÑO PARA DESDOBRAMENTO DE VÍA EN BERMAÑO.-** Proponse unha modificación puntual do PXOM de Miño para o desdoblamento dunha vía que conectará entre si a CP-4802 ao seu paso polo lugar de Lago Perbes coa mesma estrada ao seu paso pola Picota, atravesando o núcleo de Bermaño.

Ao non estar previsto este desdoblamento no PXOM é preciso levar a cabo unha modificación puntual do Plan xeral.

O art. 94 da Lei 9/02 establece que toda modificación do PXOM deberá de fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas, encamiñadas entre outras circunstancias á resolución dos problemas de circulación, e a modificación proposta oriéntase nesa liña, xa que con este val alixeirarse notablemente o tráfico masivo da estrada da praia Grande, especialmente durante a época do verán.

O trámite para a modificación do planeamento atópase regulado nos artigos 93 e ss. da Lei 9/02 e esixe seguir o mesmo trámite previsto no art. 85 da dita lei para a súa aprobación.

A Lei 15/04 engadiu un novo apartado ao art. 93.4 da Lei 9/02, que permite prescindir do informe previo da CPTOPV, nos supostos de modificacións que non impliquen a reclasificación do solo nin o incremento da intensidade do uso dunha zona, nin alteren os sistemas xerais previstos no planeamento, e estimando que a

modificación que se pretende, non está nestes supostos, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación puntual do PXOM para levar a cabo a execución dunha vía que conectará entre si a CP-4802 entre Lago en Perbes e a Picota en Vilanova.

2º.- Expoñer ao público este acordo durante o prazo dun mes, con publicación de anuncios no taboleiro de edictos, Diario Oficial de Galicia e en dous xornais de maior difusión da provincia e ao mesmo tempo solicitarlles ás administracións públicas competentes os informes sectoriais que sexan necesarios, que deberán ser emitidos no prazo máximo dun mes.

**4.- RECTIFICACIÓN DE ERROS NOS PROXECTOS DE OBRAS DO P.O.S. 2007.-** O Pleno do Concello acorda por unanimidade rectificar os erros nos proxectos de obras solicitados no P.O.S. 2007, cuxo título será “Proxecto de recuperación e rehabilitación das fontes e lavadoiros das parroquias de Perbes, San Xoán de Vilanova, Bañobre, Leiro, Viadeiro, Bemantes e Callobre.

**5.- ORZAMENTO MUNICIPAL DO EXERCICIO 2007.-** Dada conta do expediente tramitado para a aprobación, se procede, do Orzamento desta entidade, formado para o exercicio 2007.

Considerando que na súa tramitación cumpríronse os requisitos que sinala a lexislación vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 146, 147, 149 e concordantes da Lei 39/88, do 28 de decembro, e Real decreto 500/1990, do 20 de abril. Vistos o informe emitido pola Intervención e o dictame favorable da Comisión de Facenda, a interventora dá lectura ao resumo por capítulos do Orzamento municipal para o exercicio 2006; así como os documentos que o integran e que foron entregados aos grupos municipais.

Despois do debate correspondente, sométese a votación este asunto co seguinte resultado: votan a favor os oito membros presentes dos grupos CIM e PP, en contra os concelleiros do BNG Sr. Abraira Sobrado e o concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas Rodríguez, que suman dous votos, polo que por maioría absoluta se acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o Orzamento desta entidade para o exercicio 2007, cuxa contía queda fixada tanto en gastos como en ingresos nun total de oito millóns cento trinta e sete mil oitocentos corenta e catro euros e un céntimo (8.137.844,01), asignándolle a cada un dos capítulos as seguintes cantidades:

**ESTADO DE GASTOS**

<b>CAP</b>	<b>DESCRIPCIÓN</b>	<b>CONSIGNACIÓN</b>
	<b>A.- OPERACIÓNS CORRENTES</b>	
1	Gastos de persoal	1.558.975,61
2	G. bens ctes.e servizos	2.019.680,00
3	Gastos financeiros	164.000,00
4	Transferencias correntes	162.089,39
5		-----
	<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>	<b>3.904.745,00</b>
	<b>B. OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	
6	Investimentos reais	4.135.099,01
7	Transferencias de capital	13.000,00
8	Activos financeiros	----
9	Pasivos financeiros	85.000,00
	<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>	<b>4.233.099,01</b>
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS</b>	<b>8.137.844,01</b>

## ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN
	A.- OPERACIÓN CORRENTES	
1	Impostos directos	1.112.400,00
2	Impostos indirectos	1.075.200,00
3	Taxas e outros ingresos	4.371.500,00
4	Transferencias correntes	1.244.885,00
5	Ingresos patrimoniais	41.760,00
	<b>TOTAL OPERACIÓN CORRENTES</b>	<b>7.845.745,00</b>
	B. OPERACIÓN DE CAPITAL	
6	Alleamento de investimentos reais	----
7	Transferencias de capital	292.099,01
8	Activos financeiros	-----
9	Pasivos financeiros	----
	<b>TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL</b>	<b>292.099,01</b>
	<b>TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS</b>	<b>8.137.844,01</b>

2º.- Aprobar igualmente as bases de execución do dito orzamento.

3º.- Aprobar os cadros de todos os postos de traballo debidamente clasificados, reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, creando unha praza do grupo C, administrativo, como funcionario.

4º.- Que se expoña ao público polo prazo de quince días hábiles a efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 150.1 da Lei 39/88.

5º.- No suposto de que non se presentaran reclamacións contra este, considerárase definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, xunto co cadro de persoal e relación de postos de traballo, segundo dispoñen os artigos 127 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e 150.3 da Lei 39/88, e noutro caso procederáse de acordo co previsto no núm. 1 deste último artigo.

6º.- Que de conformidade co número 4 deste mesmo artigo, remítase copia do referido orzamento á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

O concelleiro do BNG Sr. Abreira manifestou: imos votar en contra deste orzamento por ser continuísta, esquecendo como vén sucedendo potenciar actividades económicas fundamentais na vida deste municipio como os servizos, o turismo, etc, o capítulo de investimentos ascende a un 50% do Orzamento e é espectacular; os ingresos procedentes da construción son numerosos e cando este ciclo económico se acabe, quedaranos hipotecado o investimento, xa que os gastos correntes son maiores que os ingresos por este concepto; as obras están moi mal repartidas, pois se exceptuamos a do saneamento, as parroquias non van ser beneficiadas, a non ser que se estime que as obras de Miño benefician a todos; como expuxen anteriormente, estes orzamentos son continuístas e imos votar en contra.

O concelleiro do PSG-PSOE Sr. Cortizas manifestou que ía votar en contra sen entrar a debater o asunto.

A Alcaldía-Presidencia expuxo: a *cantinel*a repítase e cando algún grupo político fala da xestión municipal, debería facer referencia a este respecto, como é a porcentaxe de ingresos que subiu grazas á nosa xestión, e estes ingresos son para dotar Miño dunhas obras que deberían ser financiadas pola Administración autonómica, esta estamos a discriminar e non nos concede subvencións, incluso algunhas que xa estaban comprometidas, como era o financiamento do saneamento

integral do Concello, retiráronnola e non nos queda outro remedio que facer as obras cos nosos propios ingresos, xa que son fundamentais, pois pretendemos que non haxa ningunha vivenda no municipio que non dispoña dos servizos de auga e sumidoiros e estes servizos, que deberían ser financiados pola Xunta, témolo que facer con ingresos propios debido ao sectarismo da Xunta; continúa, comprendo que é moi difícil para a oposición criticar este orzamento e a nosa xestión, xa que o gasto de persoal dende 2004 non creceu para nada e os investimentos multiplícanse e pasan ao 80% do orzamento, máis de 4 millóns de euros, polo que ten que facer un esforzo moi grande para críticoalo, xa que como se pode dicir que é continuísta coas cifras que presentamos e que non atendemos as parroquias, se as obras están reflectidas no orzamento.

Somete a votación o Orzamento municipal para o exercicio 2007 deste Concello de Miño, no sentido sinalado de oito votos a favor e dous en contra.

Ao non estar incluídas na orde do día, logo da declaración de urxencia por unanimidade, éntrese a debater e votar os seguintes asuntos:

**6.- ALTA DE NOVA ENTIDADE E DENOMINACIÓN DAS RÚAS EN PERBES E VILANOVA.**- Ao formarse un novo núcleo urbano que comprende parte das parroquias de Perbes e Vilanova, claramente diferenciado das entidades próximas, de conformidade co ditame da comisión informativa correspondente, o Pleno do Concello acorda por unanimidade denominar Urbanización Costa Anácara á nova entidade, a cal terá os seguintes nomes de rúas:

A Boca do Monte  
A Calvela  
A Cepeira  
A Cruz  
A Fraga  
A Madanela  
A Nogueira  
A Penasca  
A Telleira  
Ameneirás  
As Camposas  
As Chousas  
As Fontiñas  
As Longras  
Aveás  
Fornos  
Leises  
Monteagudo  
O Bieiteiro  
O Espiño  
O Lousado  
O Muíño do Campo  
O Piñeiro  
O Pontigo  
O Prado Grande  
O Rego de Andel  
O Rego do Can  
O Souto  
Os Abellós  
Salgueiral  
Sualeira  
Xacedos  
Xarío

Os nomes responden á denominación popular coa que a veciñanza nomea os distintos lugares onde se emprazan as novas rúas.

O concelleiro do BNG expresa a súa felicitación por recoñecer a toponimia popular galega.

**7.- DESAFECTACIÓN PARCIAL DE RECURSOS.**-Visto o expediente tramitado para a contratación con carácter de emerxencia das obras de reparación da rúa Curro en Miño, debido ao grave perigo para a seguridade cidadá e

Considerando que na Resolución da Alcaldía do 19/12/2006 pola que se ordenou a contratación de emerxencia das obras dispoñíase no punto segundo o seguinte:

“Segundo.- Para poder habilitar o crédito necesario para o financiamento destas obras, esta Alcaldía propón o seguinte:

A partida 511/60108 (Estradas, camiños veciñais e vías públicas urbanas. Investimento novo en infraestrutura) foi creada mediante crédito extraordinario nº 4/06 para a obra de “Construcción de beirarrúas na Torre-acaroados” e financiada con préstamo concertado coa entidade financeira Caixa Galicia. A obra foi adxudicada pola Resolución do 11/12/2006 por un prezo de 196.000,00 euros o que implicou unha baixa na licitación de 24.336,43 euros.

Polo tanto, debido a que as obras xa se licitaron e que existe unha baixa por importe de 23.336,43 euros, e dado que as obras se financiaban integramente con préstamo, preténdese, logo do acordo adoptado polo Pleno da Corporación, desafectar os recursos previstos para financiar esta obra de “Construcción de beirarrúas na Torre-acaroados” pola parte equivalente ao crédito necesario para a execución das obras na rúa Curro, isto é, 23.730,41 euros, e afectalos á obra de “Construcción de muro de contención na rúa Curro”.

O Pleno do Concello, logo da declaración de urxencia por unanimidade, ao non estar incluído na orde do día, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Efectuar a desafectación pola parte do crédito necesario para a execución das obras na rúa Curro, isto é 23.730,41 euros, dos recursos previstos (préstamo Caixa Galicia) para financiar a obra de “Construcción de beirarrúas na Torre-acaroados” afectando estes recursos á obra “Construcción dun muro de contención na rúa Curro”.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á entidade financeira Caixa Galicia coa que se concertou a operación de crédito para o seu xeral coñecemento.

**8.- CONTROL AO EQUIPO DE GOBERNO. MOCIÓNS.**- Non se presentan.

**7.- ROGOS E PREGUNTAS.**- O concelleiro do BNG Sr. Abaira roga que o Concello solicite e aboe entradas para o partido de fútbol a celebrar entre a Selección Galega e do Ecuador e se lles faciliten aos nenos e nenas do municipio para que asistan ao partido.

O Sr. Cortizas Rodríguez pide que se retiren os camións que aparcan na rúa fronte ao colexio de ensino, contestando a Alcaldía que é difícil atopar un lugar para estes aparcamentos, que se os mandamos para a zona da praia hai un evidente perigo na seguridade e serían como xa ocorreu, obxecto de roubos e extraccións.

O mesmo concelleiro pregunta se a rúa Curro, que estivo cortada, estaba autorizada para iso. Contesta a Presidencia que agora xa está aberta e que se cortou porque segundo a Policía era máis seguro para as persoas e vehículos polas obras que se realizan.

O concelleiro Sr. Abaira do BNG solicita que se facilite por escrito a parte final dos orzamentos dos anos 2003 a 2006, manifestando a interventora municipal que lle proporcionará o resumo da liquidación dos anos citados.

O Sr. Cortizas pregunta se a retirada da Policía local do local que ocupaba é definitiva. A Presidencia contesta que se vai acondicionar un baixo no edificio do Mercado para a Policía e o lugar que ocupa no Centro de Saúde pediuno o SERGAS xa que estima que lle é necesario para a matrona, de todas formas, di, este tema estámolo estudando , xa que pretendemos concluír a estrutura da praza, para ver se podemos construír unha praza singular na zona de Rabazal.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a reunión ás doce horas e trinta minutos, redactándose a presente acta, do que eu, o secretario, dou fe.

O presidente

O secretario